



LOMA DE LA COPADA. POZOBLANCO (CÓRDOBA)



En Vaca.tv

A vitoria dunha familia gandeira

A gandería Loma de La Copada, unha das asiduas participantes nos concursos morfolóxicos cordobeses, gañou nos últimos certames celebrados varios dos grandes títulos. Francisco Javier Calero, responsable principal da explotación, abriunos as portas da súa granxa para contarnos a fondo como é o seu día a día e que lle supoñen os triunfos neste tipo de certames.

Localización: Pozoblanco (Córdoba)
Propietarios: Andrés Calero e Elena Redondo
Traballadores: 3
N.º total de animais: 243
Vacas en muxidura: 121
Media de produción: 38 litros/vaca/día
Porcentaxe de graxa: 3,60 %
Porcentaxe de proteína: 3,40 %
RCS: menos de 100.000 cél./ml
Bacterioloxía: 5.000
ICO: 2294
Cualificación morfolóxica: 83,37 puntos
Venda do leite: Covap
Prezo do leite: 0,33 €/l + calidades

“**S**omos unha familia gandeira”, así se define Francisco Javier Calero Redondo cando lle preguntamos pola historia da súa granxa, Loma de La Copada. “Os meus avós xa tiñan vacas, como era habitual nesta zona por aquel entón. No momento de partir o terreo familiar, o meu pai, que tiña outros tres irmáns, quedou coa parte que lle correspondía e comezou a apostar pola gandería. Foi el quen me inculcou a paixón por esta profesión e polas vacas”, conta Francisco.

Os inicios foron complicados. Recordamos como “se lles botaba de comer no prebebe, muxían con cántaras...

Polo ano 1987, cando se realizaron por esta comarca os primeiros saneamentos, foi un desastre. Tiveran que sacrificar todos os animais e lembro perfectamente que meu pai comezou de novo con 16 xovencas alemás. Todo con moito sacrificio, coma calquera negocio, e coa axuda indispensable da miña nai”.

Situada na localidade cordobesa de Pozoblanco, é, como a gran maioría das explotacións da contorna, socia da Cooperativa Ganadera del Valle de Los Pedroches (Covap). “Os meus avós eran socios desta cooperativa desde que se fundou en 1959 e o meu pai fíxose socio cando comezou coa actividade. Fomos sempre membros da Covap –e engade– e préstannos todos os servizos que necesitamos: reprodución, benestar animal, alimentación... Todo, á nosa disposición”.

Actualmente na granxa traballan tres persoas, Francisco Javier Calero, fillo dos propietarios Andrés Calero e Elena Redondo, e outros dous empregados. Dedícanse en tempo completo aos labores da gandería, pero sempre moi ben organizados.



Tras ser destetadas pasan a un lote colectivo



As xatas acabadas de nacer están en boxes individuais



Lote de xatas preparadas para ser inseminadas



Grupo de animais que se están inseminando



Xovencas con cinco ou seis meses de xestación



Vacas secas

LOTES POR DESENVOLVEMENTO

Na nave principal, de recente creación e 1.100 m², están instaladas as vacas de produción. As secas e a recría mantéñenas por lotes no exterior. “Vounas distribuindo por idade e desenvolvemento corporal. Se hai un animal que se queda un pouco atrás, intento aguantalo máis cos seus semellantes para que colla ritmo. Gústame que os lotes sexan o máis homoxéneos posible”, apunta Francisco. Todas elas teñen acceso ás instalacións cubertas e entran e saen cando queren. Tan só as secas e as xovencas a punto de parir quedan sempre a cuberto dende o momento no que lles quedan 15 días para o parto.

As xatas acabadas de nacer están en boxes individuais ata a desteta, aos dous meses e medio máis ou menos. “Durante o proceso de desteta están nun mesmo lote, sempre adoito ter unhas seis ou oito xatas”, comenta o gandeiro.

COMPOSICIÓN DAS RACIÓNS

As vacas en lactación de Loma de La Copada comen cada día 27,5 kg de materia seca. A súa ración está composta por 8,5 kg de mestura de millo (70 %) e cebada (30 %), 6 kg de alfalfa, 3 kg de polpa de remolacha, 3 kg de herba seca, 2 kg de soia, 2 kg de algodón, 2 kg de casca de soia e 1 kg de palla. Segundo explica Francisco, “compramos todas as materias primas a Covap, pasámolos por un muíño que compramos hai un ano, mesturámolos no noso carro

► “VOUNAS DISTRIBUÍNDOLAS POR IDADE E DESENVOLVEMENTO CORPORAL”

unifeed e botámoslles a ración ás vacas unha vez ao día”.

Para as vacas secas elaboran a ración cada dúas semanas facendo unha pequena modificación con respecto á das vacas lactantes e consta da mestura principal de millo e cebada (70 % de millo e 30 % de cebada), casca de soia, soia e do corrector para vacas secas. Comen uns 5 kg por vaca de materia seca e teñen palla a libre disposición.

Preparan unha terceira ración diferente para as xovencas desde os catro meses, que leva a mestura de millo e cebada nas mesmas proporcións que as anteriores, feo de avea –único cultivo do que se fan cargo nunhas 25 fanegas–, alfalfa en rama, casca de soia e soia. Ademais disto, tamén teñen palla a libre disposición. “Veñen tomando uns 5 kg por xovenca e día. As máis pequeniñas comen menos, pero as máis grandes poden chegar aos 5,5 kg. Cando lles faltan dous meses para parir separámolos para o patio das vacas secas e xa comezan a comer a alimentación das secas”, revela.

En canto á alimentación das xatas máis novas, Francisco subliña que “no momento que nacen intentamos darlles o calostro canto antes, durante as seis primeiras horas de vida. Teño un calostrímetro para comprobar a calidade e intento tamén ter bos calostros conxelados por se algunha vaca ao parir non os ten bos”. As xatas seguen tomando leite ata os dous meses e medio aproximadamente e desde que son destetadas “pasan a tomar un penso de arranque de Covap ata os catro meses”, finaliza. ►►

Las auténticas vacas que recortan los costes

Los países nórdicos tienen el menor uso de antibióticos del mundo, y son líderes en producción de leche. Nuestros toros tienen excelentes rasgos de salud y altas producciones. Una eficaz herramienta para tu día a día.



VIKINGGENETICS[®]

seleccionando para lo que realmente importa

www.vikinggenetics.com

Global Genetics Galicia: 619 760 916



As vacas en lactación comen cada día 27,5 kg de materia seca



Moen eles mesmos as materias primas que compoñen as racións



Unifeed propio no que elaboran a alimentación



Aran as camas de esterco seco dúas veces ao día

► “O SEGREDO DAS CAMAS ESTÁ EN ARALAS E MOVELAS MOITO TODOS OS DÍAS”



Os ventiladores aumentan a velocidade en función da temperatura

litros ou dous litros e medio, pero moi fácil, e tamén o notamos –afirma– na fertilidade, pois nos meses de xullo, agosto e setembro, sobre todo, a taxa baixa bastante. O estrés por calor nótaselles porque non comen igual, vé-selles máis estresadas. Igual ca nós, cando vai tanta calor non tes ganas nin de mirarte, só queres estar tranquilamente na casa”.

Para evitar estes efectos, cando construíron a nave nova fixéronse en onde se adoitaban deitar as vacas: “Elas dixéronnos onde querían a nave. Alí onde se deitaban construí-mola. Puxemos unhas cortinas de quita e pon, que temos sacadas en verán, e hai uns meses instalamos catro ventiladores de 6 metros cada un, que aumentan a velocidade en función da temperatura”.

REPRODUCCIÓN

Francisco encárgase el mesmo da reprodución da súa granxa: “A media de número de partos anda sobre os 3, o intervalo entre partos aproxímase aos 405 días, a media de inseminacións por preñez está nas 2,8 e insemino as xovencas aos 15 meses. Algúns técnicos da Covap sempre me din que debería inseminar antes, pero prefiro esperar a que a xovena teña un bo desenvolvemento corporal. Igual me pasa coas vacas, pois traballo a celo visto, a celo natural. Se a vaca ten boa condición corporal e pasaron máis de 70 días desde o parto, inseminoa; se non, deixo pasar os celos ata que vexo que é o momento óptimo para inseminala”. ►►

APOSTA POLA CAMA DE ESTERCO SECO

Todas as instalacións de Loma de La Copada nas que manteñen os animais a partir dos catro meses teñen cama de esterco seco. Tan só as xatas máis pequenas están con cama de palla, que renovan e limpan unha vez á semana, de media.

“O segredo está en aralas e move-las moito todos os días para que os animais estean confortables e a gusto. Un día prepáranse co cultivador, outro día co rotavator... Se vexo que a cama comeza a empeorar, volvo a botar esterco seco e vénme durando uns tres anos tranquilamente. Hai dous anos cambieina por dicir que a cambiaba; pero estar, estaba ben. Non me dá ningún problema de mamites e vén moita xente a vela porque os técnicos me din que está moi ben coidada”, sinala.

O resto da limpeza das instalacións de produción realízana co tractor dúas veces ao día no momento en que as vacas saen ao muxido, para que “á súa volta estea todo limpo e curioso co fin de que continúen co seu ritmo”, di.

Ademais das instalacións para os animais, contan cunha fosa para o xurro de 1.200.000 litros e varios almacéns para as materias primas da alimentación e para a maquinaria, basicamente dous tractores e un carro *unifeed*.

EFFECTOS DA CALOR

“Evidentemente, aquí en Córdoba, vai moita calor e aféctalles moito aos animais”, confirma Francisco.

A fertilidade e a produción son dous puntos clave a ter en conta. Segundo o gandeiro “a produción baixa dous



KESSENT[®]

INSPIRING SUSTAINABLE FARMING



ESTAMOS INTRODUCIENDO
NUESTROS NUEVOS
SUPLEMENTOS DE METIONINA
DE DESARROLLO PROPIO PARA
UN MEJOR EQUILIBRIO
DE AMINOÁCIDOS

Kemin se enorgullece
de liderar el camino con
la mayor biodisponibilidad
de metionina del mercado.



www.kemin.com/kessent

KEMIN[®]

La gama de productos KESSENT estará disponible en el mercado a partir del 1 de enero de 2020.

© 2019 Kemin Industries, Inc. y su grupo de empresas. Todos los derechos reservados. ® Marcas de Kemin Industries, Inc., EE.UU.

► “CON CADA PALMADA SINTO UNHA GRAN SATISFACCIÓN, PÓÑENSEME OS PELOS DE PUNTA PORQUE É UN RECOÑECEMENTO A MOITA DEDICACIÓN”

Procura ter todos os meses 10 ou 12 partos e, como non ten intención de crecer polo momento, leva varios anos vendendo os animais que lle sobran.

MELLORA XENÉTICA

“Primeiro busco tipo, sobre todo ubre e patas, porque vexo que as mellores vacas a tipo son as que máis rendemento me dan, lonxevidade e tamén me fixo que os touros non sexan negativos en leite”, son os parámetros que Francisco destaca da súa selección.

A xenética xoga un papel destacado agora mesmo nesta explotación: “Se sae un touro que me gusta, non miro o prezo. Vou intercalando as miñas compras, pero uso bastantes touros. Teño utilizado moita liña Doorman, que me ten dado moi bos animais, e tamén moitos fillos de Goldwyn”.

A día de hoxe decántase máis polos touros xenómicos que polos probados: “Confío moito na xenómica porque vexo os resultados que me está dando. É certo tamén que sigo tendo touros probados, pois tamén vexo vacas de terceiro e cuarto parto que seguen producindo de marabilla”.

Como non quere aumentar o número de animais, só utiliza o seme sexado en todas as xovencas e nas vacas que máis lle gustan. Teno claro: “Hai un grupo de vacas das que quero obter boas xatas, entón doulles dúas oportunidades de seme sexado. Se non preñan, proba co convencional. O resto dos animais son inseminados con carne para a venda”.

No momento da nosa visita á explotación, Loma de La Copada tiña un ICO de 2294 e unha cualificación morfolóxica de 83,37 puntos. Mellorar todos estes índices e parámetros é un dos obxectivos de Francisco e para iso tamén está a utilizar o implante de embríons: “De momento non dei o paso de facerlle embríons a ningunha vaca propia porque teño



Copada Hollister Cometa, vaca júnior campiona no último Usías Holsteins (outubro de 2019)



Copada Emilio Davinia 279, xovenca gran campiona no último Usías Holsteins

bos animais, pero non teñen familias destacadas. Por iso, os embríons que utilizo son todos comprados a outras ganderías. A verdade que nisto sempre me fío dun bo amigo asturiano que me di o que debo comprar”.

AFECCIÓN POLOS CONCURSOS

Este gandeiro cordobés sempre mantivo afección polos concursos morfolóxicos que se celebran na súa zona, pero nunca se presentara a un ata hai uns dez anos. “Un amigo veu á casa e preguntoume por que non levaba un animal dos que tiña na granxa ao concurso, meteume a gana no corpo e alá fun. No primeiro concurso no que participei en 2009, no de Dos Torres, conseguín unha vaca intermedia subcampiona e desde aquela participo asiduamente tanto no de Dos Torres como no de Pozoblanco”, lembrou.

Copada Fever 5 é a vaca máis recoñecida de Loma de La Copada. En outubro de 2016 alzouse co título de vaca gran campiona no concurso frisón do IX Usías Holsteins e volveu a gañar este título no II Concurso Rexional de Andalucía, celebrado en Pozoblanco, en abril de 2019. En outubro deste mesmo ano, durante o XII Usías Holsteins, Loma de La Copada subía ao podio unha vez máis coa xovenca Copada Emilio Davinia 279.

“Con cada palmada sinto unha gran satisfacción, pónenseme os pelos de punta porque é un recoñecemento a moita dedicación, a moito traballo. Recordo sempre o apoio da miña muller e dos meus pais, os premios sempre llelos dedico a eles, porque sen a súa axuda non sería nada”, remata emocionado Francisco. ■



Seguro de ganado vacuno de reproducción y producción

Incluye saneamiento
ganadero.

Asegure la calidad
de su leche (células
somáticas, aflatoxinas...)



agroseguro
40 AÑOS 

PARA SUSCRIBIR SU SEGURO DIRÍJASE A: • MAPFRE ESPAÑA CÍA. DE SEGUROS Y REASEGUROS • AGROPELAYO SOCIEDAD DE SEGUROS S.A. • CAJA DE SEGUROS REUNIDOS (CASER) • SEGUROS GENERALES RURAL • ALLIANZ, COMPAÑÍA DE SEGUROS • PLUS ULTRA SEGUROS • HELVETIA CÍA. SUIZA S.A. DE SEGUROS • MUTUALIDAD ARROCERA DE SEGUROS • CAJAMAR SEGUROS GENERALES S.A. • GENERALI DE ESPAÑA, S.A. SEGUROS • FIATC, MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS • BBVASEGUROS, S.A. DE SEGUROS • AXA SEGUROS GENERALES • SEGUROS CATALANA OCCIDENTE • REALE SEGUROS GENERALES • MGS SEGUROS Y REASEGUROS S.A. • SANTALUCÍA S.A. CÍA. DE SEGUROS • MUSSAP, MUTUA DE SEGUROS • AGROMUTUA-MAVDA, SDAD. MUTUA DE SEG. • PELAYO, MUTUA DE SEGUROS A PRIMA FIJA